

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**Organismo: SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO**

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

SUMARIO:

Resolución do 4 de novembro de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se publica o crédito para o exercicio 2016, das axudas recollidas na Orde do 27 de agosto de 2014 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, polo que se establecen as normas especiais para a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

Mediante a Orde do 27 de agosto de 2014 (DOG n.º 169, do 05/09/2014), ditábanse, con carácter permanente, as normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, (BOE 29 de xaneiro de 2014), polo que se establecen as normas especiais para a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

As subvencións reguladas pola antedita orde, segundo o establecido no seu artigo 2, están destinadas a facilitar unha cobertura económica a persoas traballadoras próximas á idade de xubilación para atender situacións de urxencia e necesidade socio laboral, que permitan paliar as consecuencias sociais derivadas dos procesos de reestruturación de empresas que puidesen levar consigo o cesamento total ou parcial da actividade destas ou contribúan ao mantemento do emprego.

En todo o non establecido na referida Orde do 27 de agosto de 2014, estarase ao disposto no Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, que, no seu artigo 3, establece os requisitos e condicións que deben cumprir as persoas beneficiarias das axudas previas á xubilación ordinaria, que deberán seren persoas traballadoras despedidas de acordo cos artigos 51 e 52.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Para a Comunidade Autónoma de Galicia, os órganos de instrución e resolución, así como os prazos e forma de comunicación son os establecidos nos artigos 7 e 8 da Orde do 27 de agosto de 2014. Por outra banda, o procedemento será o establecido nos artigos 3 e 4 da referida orde e as solicitudes e documentación presentaranse segundo o disposto no seu artigo 5.

Contra as resolucións que se diten, que poñen fin á vía administrativa, ou contra as desestimacións por silencio administrativo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñerse recurso potestativo de reposición, de acordo co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para levar a cabo a concesión destas axudas non é necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007.

O financiamento destas axudas recóllese no artigo 10 da Orde do 27 de agosto de 2014 e, na parte correspondente á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 18 do Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, para as comunidades autónomas que xestionan estas axudas, dito financiamento realizarase con cargo ao orzamento xeral do Estado para cada ano, establecendo os criterios obxectivos para a súa distribución territorial a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, polo que este financiamento terá a consideración de fondos finalistas. O crédito que se estableza inicialmente cada ano poderá ser obxecto de modificacións, segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de subvencións do ámbito laboral, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

Por todo isto, segundo o establecido na disposición derradeira primeira da referida Orde do 27 de agosto de 2014, pola que se faculta a persoa titular da dirección xeral competente en materia de traballo para que dite, no ámbito da súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde, así como para a convocatoria anual das ditas axudas,

RESOLVO:

Publicar, para o exercicio de 2016, o crédito das axudas establecidas na Orde do 27 de agosto de 2014 (DOG n.º 169, do 05/09/2014), pola que se ditan, con carácter permanente, as normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Real decreto 3/2014, do 10 de xaneiro, (BOE 29 de xaneiro de 2014), polo que se establecen as normas especiais para a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas, por importe de 1.403.815,81€ con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.470.0, código de proxecto 2015/00508.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

A secretaria xeral de Emprego

Covadonga Toca Carús

Insírase

O secretario xeral técnico

Borja Vereza Fraiz